PREGUNTAS FRECUENTES

CONVOCATORIAS PEL 2018

PEL EMPRENDE INVESTIMENTO 2018

1. Quén se pode presentar?

Os/as destinatarios/as destas axudas son persoas físicas e xurídicas promotoras de iniciativas empresariais con domicilio fiscal e centro de traballo nun municipio da provincia da Coruña, que na data de publicación da convocatoria destas axudas teñan unha antigüidade máxima na alta de constitución da empresa e na alta censal (en caso de persoas xurídicas), ou unha antigüidade máximo de 5 anos no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional (no caso de persoas físicas).

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

2. Se foi autónomo hai máis de 5 anos, e se da de alta nunha nova actividade podería presentarse?

Segundo o apartado 3.Destinatarios/as das bases reguladoras, no seu apartado 1 relativo a persoas físicas, especifícase que ten que estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomois (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio **profesional para a realización do investimento para o que se solicita a axuda**, con unha antigüidade máxima de 5 anos desde a data de publicación da convocatoria destas axudas.

3. Cal é o prazo para presentar as solicitudes?

O día 15/02 publicáronse no BOP as bases reguladoras das axudas das liñas PEL Emprende.

Posteriormente o día 27 de febreiro saíu publicada a convocatoria que determina a apertura do plazo de presentación de solicitudes. O prazo comenza o día 28 de febreiro e remata o 22 de marzo de 2018.

4. Pódense presentar Sociedades Civis?

No apartado 3. “Destinatarios” das bases reguladoras da convocatoria establécese que “no poderán ser entidades beneficiarias destas axudas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidad xurídica propia.

Do parágrafo anterior extráese que as Sociedades Civís profesionais, aosciacións ou agrupación de persoas físicas para a realización dun proxecto empresarial común poderán optar ás axudas sempre e cando teñan personalidade xurídica e cumpran cos requisitos establecidos no mesmo apartado 3 relativos ás persoas xurídicas.

5. Pódense presentar Comunidades de Bens?

No apartado 3. “Destinatarios” das bases reguladoras da convocatoria establécese que “no poderán ser entidades beneficiarias destas axudas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidad xurídica propia.

Se atendemos á normativa da Comunidade de Bens, éstas se rixen polo Código de Comercio en materia mercantil e polo Código Civil en materia de derechos e obrigas e non teñen personalidade xurídica, independentemente de que se constitúan mediante escritura pública cando se aporten bens inmobles ou dereitos reais.

6. Unha comunidade de montes pode ser beneficiaria da subvención PEL Emprende?

Dado que nas comunidades de montes vecinais en man común non existe persoa xurídica única senon unha pluralidade de titulares dunha propiedade, non se cumpre co requisito do Punto 3. Destinatarios das bases reguladoras que establece que os/as destinatarios/as destas axudas son perosas físicas e xurídcias promotoras de iniciativas empresariales.

7. Cales son as obrigas das persoas beneficiarias?

Entre outras obrigas referidas á presentación, xestión e xustificación, as persoas e/ou entidades beneficiarias deben cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

- Cumprir os requisitos indicados no apartado 3.Destinatarios/as durante todo o periodo subvencionado.
- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputacion da Coruna desde a data de presentacion da solicitude de subvencion.
- Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulacion de emprego, regulación ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuno, de Subvencions de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores a data de publicacion da convocatoria no BOP.
- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous (2) anos desde a data de presentación da solicitude de subvención.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento do investimento realizado.

8. Que gastos se subvencionan?

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña son os seguintes, de acordo coa Resolución da presidencia no 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucions reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvencion provincial:

206	Aplicacións informáticas
213	Maquinaria
214	Utillaxe
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información

Con carácter xeral, os investimentos deberan ser realizados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.**

As entidades poderá presentar un orzamento mínimo de gasto 2.500 euros e un máximo de 25.000 € (excluído o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80% o que supón unha subvención máxima de 20.000 €.

9. Que tipos de gasto se consideran en cada unha das contas subvencionadas

No apartado 5. "Conceptos de gasto subvencionables", sinálase detalladamente aqueles gastos que se consideran subvencionables por cada un dos conceptos e as súas excepcións.
Para calquera dúbida ao respecto poden cosultar o Plan Xeral de Contabilidade vixente,e sempre tendo en conta que terán a consideración de gastos subvenionables a efectos desta convocatoria, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o que foron concedidos.

10. As axudas son compatibles con outras axudas?

- As subvencións concedidas serán compatibles con calquera outra axuda concedida ao amparo do Plan de Emprego Local.
- As subvencións concedidas serán incompatibles con calquera outra axuda publica para proxectos de investimento e bens inventariables para a mesma finalidade.
- As entidades incluirán na xustificación a declaración doutros ingresos, axudas ou recursos recibidos para os gastos efectivamente realizados.
- A axuda establecida nestas bases queda sometida ao réxime de Mínimis.

11. Onde se presentan as solicitudes e que prazo hai para presentalas?

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación provincial da Coruña, http://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/.

O prazo de presentación de solicitudes determinouse no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP nº 40 do 27/02/2018 e onde se establece que o prazo de solicitude iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP de A Coruña **e rematará ás 14.00 horas do 22 de marzo de 2018.**

12. Documentación a presentar

Documentación xeral común a persoas físicas e xurídicas:

- Solicitude de axuda (Anexo I)
- Autorizacion de representacion para a presentacion da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (no caso de persoas fisicas), ou co representante legal da entidade (no caso de persoas xuridicas) (Anexo II)
- Memoria descritiva da actividade da empresa (Anexo III)
- Declaracion de axudas publicas recibidas baixo o rexime de Minimis nos tres ultimos anos mediante declaracion contida no Anexo IV.
- Impreso de comunicacion de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliacion dos importes que procede ordenar a Deputacion Provincial da Coruna.(D*ispoñible na plataforma SUBTeL no momento de enviar a solicitude).*
- Certificado sobre o Imposto de Actividades Economicas da Axencia Estatal da Administracion Tributaria.

• **Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión social** do/a solicitante ou das persoas socias que posuan como minimo o 50% do capital social da entidade, no caso de persoas xuridicas.

- Se se opta ao incremento por persoa **con discapacidade**: certificado de discapacidade emitido pola Administracion Competente vixente a data da publicacion da convocatoria.
- Se se opta ao incremento por persoa **en situación de exclusión social ou de risco de exclusión social:** certificado de ser perceptor/a da renda de inclusion social de Galicia ou certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da devandita situacion social vixente a data de publicacion da convocatoria.

Documentación específica do/a solicitante:

No caso de persoas físicas:

- Tarxeta do NIF/NIE da persoa solicitante
- Documentos de resolucion de reconecemento de alta no rexime especial de traballadores autonomos da Seguridade Social ou, de ser o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda.

No caso de entidades con personalidade xurídica:

- Tarxeta de identificacion fiscal da entidade solicitante.
- Escritura de Constitucion da entidade e as suas modificacions ou variacions posteriores (se as houbese), ou calquera outro documento analogo no que figuren os estatutos, estipulacions ou contratos privados, asi como a inscricion no rexistro publico correspondente no caso de estar obrigados.

13. Valoración das solicitudes

No caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas, a selección das peticións e a contía das subvencións determinarase

de acordo aos baremos establecidos no punto 8. “Valoración das solicitudes” das bases que regulan a convocatoria destas axudas, segundo os criterios que se establecen nese mesmo punto.

14. Cando hai que xustificar as axudas concedidas?

As axudas faranse efectivas nun único pago unha vez realizada a xustificación de gastos, que poderá realizarse a partires da publicación da concesión das axudas no Boletín Oficial da Provincia e como máximo ata o 28 de abril de 2018 con carácter xeral e ata o 31 de maio con carácter excepcional para aquelas entidades que teñan concedida unha prógrroga (Bases Reguladoras das convocatorias de subvención dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil) da Deputación da Coruña, ano 2017 (BOP nº 247 do 30 de decembro de 2016).

Isto implica que as entidades que foron beneficiarias da subvención, poden realizar a xustificación de gastos a partires da publicación da concesión das axudas no BOP, polo importe que se lles concedeu dacordo co Anexo VI. “Declaración de gastos realizados”.
As facturas a presentar na xustificación de gastos no teñen porqué estar efectivamente pagadas, podendo realizarse o pago das mesmas no prazo dun mes, unha vez ingresada a subvención correspondente.

15. Para xustificar a axuda concedida serve con presentar presupostos ou son necesarias facturas?

Segundo se recolle no apartado 11. “Xustificación e pago da subvención”, das bases reguladoras, haberá de presentarse facturas electrónicas ou escaneadas, correspondentes aos gastos efectivamente realizados no marco da presente convocatoria, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. Non se admitirán nin presupostos nin facturas por non ter a mesma validez contable que a factura.

No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente claros, deberan entregar documento aclaratorio do contido das mesmas. So se admitiran dous facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben ser exclusivamente conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

16. Canto tempo transcorre ata que se formaliza o pago á empresa beneficiaria?

En relación ao reembolso da subvención, non se establece un prazo determinado para o ingreso da mesma, senon que se fará efectivo unha vez se fagan todas as tarefas de control e fiscalización por parte da Deputación, da xustificación de gastos presentada.

17. As facturas teñen que ser pagadas mediante transferencia ou valerían os pagos en efectivo?

Segundo o establecido na bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil) da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017 aprobado por R.P. nº 32516 de data 28.12.2016 na Base 6.– Requisitos e obrigas das entidades solicitantes:

"6.8. Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que puideren acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo etc.) no que queden identificadas a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcadoiro etc).

18. Con respecto ás páxinas web, que quere dicir "sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios", como se acredita?

Atendendo ao apartado 5.Conceptos de gasto subvencionables das Bases reguladoras das axudas, establécese como Aplicacións informáticas na conta 206 o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos tanto adquiridos a terceiros como elaborados pola propia empresa. Tamén inclúe os gastos de desenvolvemento das páxinas webs (nova creación, actualización e melloras substanciais), sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios.

De acordo co disposto no Plan Xeral de Contabilidade, esta definición permite que se conciba a páxina WEB como un elemento patrimonial intanxible ao servizo da empresa cunha proxección plurianual e cuxa utilización xerará ingresos futuros, polo que se debe calificar como un "inmovilizado inmaterial" , de forma similar á solicitude dos diferentes programas informáticos existentes na actualidade onde quedan excluídos expresamente: aloxamento, dominios, mantementos da aplicación informática, canons...

19. No punto 13 das bases di que se teñen que presentar polo menos tres ofertas de distinto provedor no caso de que o gasto sea superior a 18.000€, isto implica que se pode elixir libremente o provedor?

No tocante a a presentar polo menos tres ofertas de distintas empresas provedoras no caso de que o gasto sexa superior a 18.000 € (IVE excluído), segundo se recolle no punto 13. Xustificación e pago da subvención das bases reguladoras, hai que axustarse aos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que di:

"31.3. Cuando el importe del gasto subvencionable supere las cuantías establecidas en la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector público para el contrato menor, el beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores, con carácter previo a la contracción del compromiso para la obra, la prestación del servicio o la entrega del bien, salvo que por sus especiales características no exista en el mercado suficiente número de entidades que los realicen, presten o suministren, o salvo que el gasto se hubiere realizado con anterioridad a la subvención".

La elección entre las ofertas presentadas, que deberán aportarse en la justificación, o, en su caso, en la solicitud de subvención, se realizará conforme a criterios de eficiencia y economía, debiendo justificarse expresamente en una memoria la elección cuando no recaiga en la propuesta económica más ventajosa.

20. Unha cisterna agrícola se considera Maquinaria a efectos desta subvención?

Unha cisterna agrícola, non é independente funcionalmente, polo que aumentaría o valor sobre o ben sobre o que se monta, neste caso un tractor agrícola polo que a nivel contable ten a mesma consideración que este como maquinaria.

21. É posible presentar proformas dos gastos que se queren realizar e facer a compra se se concede a subvención?

Si, xa que segundo se recolle no Punto 4. SUBVENCIÓN e CONTÍAS, as entidades poderán presentar **un presuposto mínimo** de gasto de 2.500,00 euros e un máximo de 25.000,00 € (excluido o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80%.
Fálase de presupostos, non de facturas necesariamente.

22. É posible recibir primeiro os cartos da subvención e logo efectúar o pago das facturas?

Si, xa que segundo se recolle no Punto 13. XUSTIFICACIÓN e PAGO das Bases que regulan esta convocatoria, no caso de que as facturas non estuvieran pagadas no momento da presentación da documentación xustificativa, o prazo para o pago das facturas correspondentes aos gastos realizados será de 1 mes desde o ingreso da subvención".

23. Para un autónomo no Réxime Especial de Agricultura, poderíase solicitar a subvención polo total da factura, sen excluír o IVE?

No punto 4. Subvencións e contías das bases que regulan a convocatoria destas axudas, estableces que "*O IVE non se considerará, en ningún caso, gasto subvencionable".*

PEL PEMES 2018

LIÑA 3.1 PEL PEMES: Programa de Incentivos á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequeñas, medianas empresas e microempresas.

1. Qué prazo hai para presentar as solicitudes?

O día 15 de febreiro publicáronse as bases reguladoras das axudas das liñas PEL PEMES no Boletín Oficial da Provincia onde se recollen as condicións que regulan estas axudas.

Posteriormente o día 27 de febreiro saíu publicada a convocatoria que determina a apertura do plazo de presentación de solicitudes.

O prazo comenza o día 28 de febreiro e remata o 22 de marzo de 2018.

2. Quén as pode solicitar?

Pequenas e medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, empresariado individual e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, que na data de publicación da convocatoria, reúnan os seguintes requisitos:

1. ***Domicilio fiscal na provincia da Coruña*** *e* ***centro de traballo rexistrado en calquera concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.***

2. Estar inscrita no rexistro mercantil, no caso das entidades que estean obrigadas a iso.

3. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, debe de estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.

4. Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación da Coruña dende a data de presentación da solicitude de subvención.

5. Non estar ni ter estado incurso en expediente de regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.

3. Obrigas das persoas beneficiarias:

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir, entre outros, os seguintes compromisos e obrigas relativas á presentación de solicitudes, xestión e xustificación das axudas:

• **Cumprir co método de selección do/a traballador/a** indicado na solicitude:

1. Servizos públicos de emprego.
2. Axencias de colocación/ Portais de emprego/ Redes LinkedIn/Outras redes sociais de búsqueda de emprego.
3. Outros procesos de selección (contratación directa).

• **Realizar a contratación no grupo de cotización e categoría profesional indicados na solicitude**.

• **Cumprir os requisitos esixidos nestas bases** dende a data de publicación das bases reguladoras da axuda e ata a finalización do período subvencionado.

• **Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.

• **Manter o nivel de emprego** existente na empresa beneficiaria, á data de publicación das bases reguladoras da axuda, durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores/as da

empresa na data de finalización do período subvencionado sexa o mesmo ou maior ao existente no momento da publicación das bases reguladoras da axuda.

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/dunha traballador/a ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total ou despido disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do/a traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

• **Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que poidera afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidad Xestora da axuda.**

• **Cumprir os** requisitos indicados no apartado 3. Destinatarios/as e **manter a mesma forma xurídica dende a data de publicación das bases reguladoras da axuda e ata a finalización do período subvencionado.**

• **Dar publicidade,** nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público da financiación da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e á súa convocatoria específica: PEL PEMES 2018. O mesmo tipo de publicidade se realizará nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

4. Cales son os requisitos das persoas contratadas ou a contratar?

O apartado 4 das bases reguladoras da axuda determinan os requisitos que deben cumprir as persoas contratadas ou a contratar, además dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada e que son os seguintes:
1. Estar empadroado/a en calquera dos municipios da provincia da Coruña.
2. Estar en situación de desemprego no momento da contratación e inscrición como demandante de emprego na Oficina de Emprego.

5. Cándo se pode realizar a contratación?

No apartado 5 das bases reguladoras relativo a "Subvención e contías" indícase que se poderán subvencionar as contratacións realizadas **dende o 1 de xaneiro de 2018 e ata os dous meses posteriores á data de resolución de concesión da axuda**.

6. Qué duración debe ter o contrato e en qué modalidades de contratación?

O apartado 6 das bases reguladoras indica que "o contrato deberá realizarse por un período mínimo de 12 meses, **en calquera modalidade das previstas legalmente (contrato indefinido, temporal, de substitución, para a formación e a aprendizaxe, en prácticas) e independentemente do tipo de xornada (a xornada completa ou xornada parcial) e para todos os efectos rexerase pola lexislación laboral vixente".**

7. Pódese contratar a unha persoa que tivo un contrato laboral anteriormente coa empresa solicitante?

O apartado 4.2 das bases reguladoras determinan as contratacións excluidas deste programa:

- As **contratacións** realizadas con **traballadores/as que nos 24 meses anteriores** á data da contratación **prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa», segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un **contrato por tempo indefinido**.

Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador/a con empresas ás cales a solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

- As **contratacións** realizadas con **traballadores/as que nos últimos 6 meses anteriores** á data de contratación **prestasen servizos na mesma empresa** ou «única empresa», segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013mediante calquera das modalidades de **contratación temporal** previstas legalmente.

8. Pódese contratar a unha persoa que tivo un contrato indefinido anteriormente con outra empresa?

O apartado 4.2 das bases reguladoras relativo aos "requisitos das persoas a contratar" tamén exclúe as seguintes contratacións:

- As **persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa** nun **prazo de 3 meses previos** á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

9. Pódese contratar a unha persoa que estivo traballando na empresa solicitante a través dunha ETT?

O apartado 4.2 das bases reguladoras tamén contempla esta casuística e exclúe as seguintes contratacións:

- As **relacións laborais de carácter especial** previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as **contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas** mediante **contratos de posta á disposición**.

10. Pódese contratar a un familiar do/a empresario/a solicitante da axuda?

O apartado 4.2 das bases reguladoras tamén contempla esta casuística e exclúe as seguintes contratacións:

- Os **contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive**, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

11. Tipo de gasto, período e importe subvencionable:

A través desta axudas cada empresa poderá solicitar como máximo a subvención para a contratación dun/dunha taballador/a por un **período mínimo de 12 meses**, durante os cales a subvención cubrirá ata o **75% dos custos salariais totais** da persona traballadora.

PEL PEMES. CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL		
As novas contratacións realizadas ou a realizar con cargo á convocatoria PEL-PEMES 2018		
Nº traballadores	Porcentaxe máxima da axuda	Duración
1	75%	12 meses

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes:

Conta	**Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade**
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Gastos non subvencionables: horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, incrementos salariais, roupa de traballo…

En canto **aos importes máximos subvencionables estes oscilan entre 13.500 e 16.500 euros** en función dos distintos grupos de cotización e categorías profesionais, tal e como veñen recollidos no apartado 5. Subvención e contías.

12. Compatibilidade das axudas:

As subvencións concedidas serán **compatibles con calquera outra axuda concedida ao amparo do Plan de Emprego Local** e serán compatibles tamén **con calquera outra axuda pública** para os mesmos conceptos.

En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis no tres últimos anos, mediante a declaración contida no **Anexo IV**.

13. Forma da presentación das solicitudes:

As entidades interesadas en participar deberán presentar a súa solicitude , a través da plataforma telemática Subtel (https://www.dacoruna.gal/subvencions/), segundo os modelos aprobados pola Deputación e manifestando expresamente a asunción dos deberes e compromisos previstos no programa mediante a firma dixital do seu representante legal na solicitude.

Os anexos están disponibles na plataforma SUBTeL na seguinte ruta :

Opciones / Información das convocatorias / Mostrar convocatorias (elegir la convocatoria correspondiente) / Detalles / Documentos / Descargar Plantilla.

DOCUMENTACIÓN XERAL

1. Anexo I. Solicitude de adhesión ao Programa de Incentivos á Contratación do Plan de Empleo Local de la Diputación de A Coruña.
2. Anexo II. Declaración sobre o persoal contratado/ a contratar
3. Anexo III. Memoria Técnica.
4. **Anexo IV.** Declaración sobre as axudas do Réxime de minimis.
5. **Anexo V.** Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante.
6. Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordear a Deputación Provincial da Coruña.

Cando o alta se solicite por unha persona física que actúe no seu propio nome e representación non será preciso o selo e sinatura da entidade bancaria, bastará con que cumprimente o imprese e adxunte un documento bancario no que figure como titular da conta e o código IBAN da conta (fotocopia de libreta de aforro, extracto bancario, etc).

7. Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO SOLICITANTE

ENTIDADES CON PERSONALIDADE XURÍDICA

1. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
2. Escritura de constitución da entidade ou calquera outro documento análogo no que figuren os Estatutos, Estipulaciones ou Contratos Privados, así como a inscripción no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados.

ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

1. NIF/NIE acreditativo do solicitante.
2. Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social ou, de ser o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda, ou último recibo de autónomos.

14. Valoracións das solicitudes:

O **procedemento de concesión** das subvencións tramitarase **en réxime de concorrencia competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a valoración das solicitudes presentadas, **nomearase** por resolución da presidencia **unha Comisión de Avaliación** que estará composta por tres empregados públicos da Deputación provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

A Comisión **valorará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial**. A Comisión determinará tamén por orden de puntuación aquelas solicitudes que resulten seleccionadas en caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas.

En canto aos criterios específicos que serán tidos en conta na fase de valoración, serán os indicados no apartado 9 das bases reguladoras:

A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, **se realizará sobre un total de 100 puntos** que se outorgarán **atendendo á poboación do municipio onde se ubica o centro de traballo, tipoloxía da empresa, cadro de personal, tipo de selección e características do personal contratado/ a contratar , do tipo de contrato, a adaptación do perfil profesional da persoa ao posto e as medidas de responsabilidade social empresarial.**

15.Cándo se realiza o pago da axuda e cándo se xustifican os gastos?

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida e realizarase nun **único pago**, por **importe máximo do total da subvención concedida**.

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables . No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

Segundo o indicado na *base 57.4 das Bases para a execución do orzamento do exercicio 2018*, a **data límite para a presentación dos xustificantes** oportunos **non poderá exceder do 31 de outubro de 2019.**

Recibida e revisada esta documentación, **a Deputación abonará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.**

16.Qué sucede se non se xustifica o importe total da axuda concedida?

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables . No caso de que xustifiquen un importe inferior, **o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.**

17.Qué sucede no suposto de que se produza a extinción da relación laboral do/a traballador/a contratado/a?

O apartado 13 das bases reguladoras relativo ás causas excepcionais indica que no suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevidas debidamente xustificadas, **o/a beneficiario/a deberá comunicalo de inmediato á Deputación** e esta, **previa valoración do caso**, **poderá resolver unha nova contratación** por parte do/a beneficiario/a, sen que iso en ningún caso supoña un incremento da cantidade subvencionada.

No caso de que se autorice unha nova contratación, ésta deberá iniciarse nun prazo non superior a un mes.

18.Pódese presentar máis dunha solicitude por entidade?

No apartado 8.2 das bases reguladoras se indica que **"non se admitirá máis dunha solicitude por entidade**. **Considerándose unha soa entidade todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas** nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio".

19.Cándo hai que enviar o contrato de traballo e qué outra documentación temos que presentar relativa á contratación?

No apartado 8.1.2 relativo á fase de execución da axuda indica o seguinte:

- No caso de aquelas **contratacións realizadas dende o 1 de xaneiro e ata a data de publicación da resolución de concesión da axuda**, deberán aportar a documentación indicada a continuación, no **prazo dun mes dende a data de publicación da resolución definitiva de concesión**.

- No caso daquelas **contratacións realizadas con posterioridade á data de publicación da resolución de concesión da axuda**, deberán aportar a documentación seguinte no **prazo dun mes dende a data de contratación**:

1. ***Contrato de traballo*** *escaneado e asinado electrónicamente de conformidade coa modalidade establecida na solicitude, formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Emprego correspondente.*
2. ***Parte de alta da seguridade social*** *escaneado e asinado electrónicamente xunto co informe de datos de cotización.*
3. ***Curriculum vitae*** *da persoa contratada.*
4. ***Copia do rexistro do contrato na aplicación "Contrata" dos Servizos Públicos de Emprego****, co número de oferta (só no caso daqueles contratos realizados a través do SEPE).*

20. As nóminas teñen que ser pagadas mediante transferencia ou valerían os pagos en efectivo?

Segundo o establecido na bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil) da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017 aprobado por R.P. nº 32516 de data 28.12.2016 na Base 6.–Requisitos e obrigas das entidades solicitantes:

"6.8. Utilizaren, con carácter xeral, ***formas de pagamento a terceiros/as que puideren acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo etc.)*** *no que queden identificadas a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiques de aparcadoiro etc).*

Preguntas frecuentes sobre a axuda LIÑA 3.2 PEL PEMES: Programa de Incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.

1. Qué prazo hai para presentar as solicitudes?

O día 15 de febreiro publicáronse as bases reguladoras das axudas das liñas PEL PEMES no Boletín Oficial da Provincia onde se recollen as condicións que regulan estas axudas.

Posteriormente o día 27 de febreiro saíu publicada a convocatoria que determina a apertura do plazo de presentación de solicitudes. O prazo **comenza o día 28 de febreiro e remata o 22 de marzo de 2018.**

2. Quén se pode presentar?

Pequenas e medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes, empresariado individual e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, que na data de publicación da convocatoria, reúnan os seguintes requisitos:

1. Domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.

2. Estar inscrita no rexistro mercantil, no caso das entidades que estean obrigadas a iso.

3. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, debe estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.

4. Ter sido beneficiario/a da subvención PEL PEMES 2017 e ter levado a cabo a contratación de maneira indefinida e manter a mesma á data de solicitude desta axuda.

5. Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación da Coruña dende a data de presentación da solicitude de subvención.

6. Non estar ni ter estado incurso en expediente de regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.

3. Obrigas das persoas beneficiarias:

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir , entre outros, os seguintes compromisos e obrigas relativas á presentación de solicitudes, xestión e xustificación das axudas:

• **Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.

• **Manter o nivel de emprego** existente na empresa beneficiaria, á data de publicación das bases reguladoras da axuda, durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese

que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores/as da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa o mesmo ou maior ao existente no momento da publicación das bases reguladoras da axuda.

Enténdese que o beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/dunha traballador/a ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total ou despido disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do/a traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

• **Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que poidera afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidad Xestora da axuda.**

• **Dar publicidade,** nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público da financiación da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e á súa convocatoria específica: PEL PEMES 2018. O mesmo tipo de publicidade se realizará nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

4. Cales son os requisitos das persoas contratadas?

As persoas contratadas, deben cumprir, además dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, o seguinte requisito:

1. ***Estar empadroado/a en calquera dos municipios da provincia da Coruña.***

5. Qué tipo de contratacións non son subvencionables?

O apartado 4.2. relativo ás exclusións indica que se exclúen dos beneficios regulados nestas bases os seguintes supostos:

1. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demáis parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

2. Os contratos realizados con persoas que ostenten cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedades mercantís.

6. Tipo de gasto, período e importe subvencionable:

Cada empresa poderá solicitar como máximo a subvención para o mantemento do/da traballador/a contratado/a con carácter indefinido na convocatoria anterior (PEL PEMES 2017).

A axuda cubrirá como máximo o 50% dos costes salariais totais da persoa contratada dende o momento en que finalice o período subvencionable anterior.

PEL-PEMES. MANTENIMIENTO DEL CUADRO DE PERSONAL		
O mantemento daquelas contratacións indefinidas realizadas con cargo a PEL-PEMES 2017		
Nº traballadores	Porcentaxe máximo da axuda	Duración
1	50%	12 meses

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes:

Conta	**Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade**
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Gastos non subvencionables: horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, incrementos salariais, roupa de traballo…

En canto aos **importes máximos subvencionables** estes oscilan entre **9.000 e 11.000 euros** en función dos distintos grupos de cotización e categorías profesionais, tal e como veñen recollidos no apartado 5. Subvención e contías.

7. Compatibilidade das axudas:

As subvencións concedidas serán **compatibles con calquera outra axuda concedida ao amparo do Plan de Emprego Local** e serán compatibles tamén **con calquera outra axuda pública** para os mesmos conceptos.

En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de minimis no tres últimos anos, mediante a declaración contida no **Anexo IV**.

8. Forma da presentación das solicitudes:

As entidades interesadas en participar deberán presentar a solicitude, a través da plataforma telemática Subtel (https://www.dacoruna.gal/subvencions/), achegando a seguinte documentación e manifestando expresamente a asunción dos deberes e compromisos previstos no programa mediante a firma dixital do seu representante legal na solicitude.

Os anexos están disponibles na plataforma SUBTeL na seguinte ruta:

Opciones / Información das convocatorias / Mostrar convocatorias (elexir a convocatoria correspondente) / Detalles / Documentos / Descargar Plantilla.

DOCUMENTACIÓN XERAL

1. Anexo I. Solicitude de adhesión ao Programa de Incentivos á Contratación do Plan de Empleo Local de la Diputación de A Coruña.
2. Anexo II. Declaración sobre o persoal contratado.
3. Anexo III. Memoria Técnica.
4. **Anexo IV.** Declaración sobre as axudas do Réxime de minimis.
5. **Anexo V.** Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante.
6. Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros a efectos de domiciliación dos importes que procede ordear a Deputación Provincial da Coruña.

Cando o alta se solicite por unha persona física que actúe no seu propio nome e representación non será preciso o selo e sinatura da entidade bancaria, bastará con que cumprimente o imprese e adxunte un documento bancario no que figure como titular da conta e o código IBAN da conta (fotocopia de libreta de aforro, extracto bancario, etc).

7. Certificado de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO SOLICITANTE

ENTIDADES CON PERSONALIDADE XURÍDICA

1. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
2. Escritura de constitución da entidade ou calquera outro documento análogo no que figuren os Estatutos, Estipulaciones ou Contratos Privados, así como a inscripción no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados.

ENTIDADES SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

1. NIF/NIE acreditativo do solicitante.
2. Documentos de solicitude e resolución de recoñecemento de alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social ou, de ser o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda, ou último recibo de autónomos.

9. Valoracións das solicitudes:

O **procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Avaliación que estará composta por tres empregados públicos da Deputación provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. A Comisión **valorará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial**. A Comisión determinará tamén por orden de puntuación aquelas solicitudes que resulten seleccionadas en caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas.

En canto aos criterios específicos que serán tidos en conta na fase de valoración, serán os indicados no apartado 9 das bases reguladoras:

A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos exigidos nesta convocatoria, **se realizará sobre un total de 100 puntos** que **se outorgarán atendendo á poboación do municipio onde se ubica o centro de traballo, tipoloxía da empresa, cadro de personal, tipo de selección e características do personal contratado, medidas de responsabilidade social da empresa e participación do/ da traballador/a en programas de formación.**

10. Cándo se realiza o pago da axuda e cándo se xustifican os gastos?

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida e **realizarase nun único pago**, **por importe máximo do total da subvención concedida.**

Segundo o indicado na *base 57.4 das Bases para a execución do orzamento do exercicio 2018*, **a data límite** para a **presentación dos xustificantes oportunos non poderá exceder do 31 de outubro de 2019.**

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento de gasto definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables . No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

Recibida e revisada esta documentación, a Deputación da Coruña realizará un control de verificación á entidade beneficiaria do cumprimento das esixencias declaradas e de non existir razóns en contra, a Deputación aboará o pago en función do importe efectivamente xustificado, ata un máximo do importe total da subvención concedida.